

DOMINGO 24 ORDINARIO CICLO B

PRIMEIRA Is 50, 5-9

Ofrecinlle o meu lombo aos que me ferían

PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NA PROFECÍA DE ISAÍAS

O Señor abriu o meu oído,
e eu non me rebeleí, non me botei para atrás.
Ofrecín o lombo aos que me azoutaban,
e a miña cara aos que me arrincaban a barba.
Non escondín a miña cara dos insultos e das cuspiñadas.
Pero o Señor axudaramé,
por isto non me sinto avergonzado,
e poño a miña cara coma un diamante,
pois sei que non me avergonzareí.
O que defende a miña causa está cerca.
Quen litigará comigo, cando comparezamos ante a comunidade?
Quen traballa a miña xusta sentenza está detrás de min.
O Señor axudaramé: quen será o que me declare culpable?

SALMO RESPONSORIAL Sal 114, 1-2. 3-4. 5-6. 8-9

R/ (9): Camiñarei á vista do Señor na terra da vida.

Ou: Aleluia

Amo ao Señor que escoita
a miña voz suplicante,
e pon cara a min o seu oído
no día en que o chamo.

Cando me envolven lazos de morte
e as redes do abismo me atrapan;
cando me atopo en apreto e aflicción,
invoco o nome do Señor:
¡Ai, Señor, sálvame a vida!

O Señor é xusto e clemente,
o noso Deus é compasivo.
O Señor garda os humildes:
na miña febleza hame socorrer.

Ti libras da morte a miña vida,
os meus ollos das bágoas,
os meus pés da caída.
Camiñarei á vista do Señor
na terra da vida.

SEGUNDA Sant 2, 14-18

Se a fe non frutifica en obras, está morta

PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NA CARTA DE SANTIAGO APÓSTOLO

Irmáns benqueridos, que proveito lle trae a un dicir que ten fe, se non ten feitos? Acaso o poderá salvar esa fe? Se un irmán ou unha irmá andan espidos e necesitados do pan de cada día, e vai un de vós e dilles: "ídevos en paz, quentádevos e fartádevos", pero non lles dá aquilo que lle cómpre ao seu corpo, que proveito levan? Pois o mesmiño pasa coa fe: se non ten feitos, leva a morte no seu cerne.

Pode dicir alguén: "ti tes a fe, eu teño os feitos". -Móstrame a túa fe sen feitos que eu polos feitos heiche de mostrar a miña fe.

ALELUIA Gal 6, 14:

Lonxe de min gloriarme senón é na cruz do Señor,
por quen o mundo está crucificado para min e eu para o mundo

DOMINGO 24 ORDINARIO CICLO B

EVANXEO Mc 8, 27-35

Ti elo Cristo... É preciso que o Fillo do home padeza moito

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO MARCOS

Daquela ía Xesús cos seus discípulos cara ás aldeas de Cesarea de Filipo, e polo camiño preguntoulles:

-Quen di a xente que son eu?

Eles responderon:

-Uns, que Xoán Bautista; outros, que Elías; e outros, que algún dos profetas.

El preguntoulles a eles:

-E vós, quen dicides que son?

Respondeu Simón Pedro:

-Ti elo Mesías.

E prohibiulles diciren nada a ninguén.

Entón, con toda claridade, empezou a adoutrinalos acerca de que era preciso que o Fillo do Home padecese moito, e que o rexeitasen os anciáns, os Sumos Sacerdotes e mailos letrados; que o ían matar, e que aos tres días había resucitar.

Explicoulles isto con toda claridade. Entón Pedro, colléndoo á parte, empezou a rifarlle. Pero Xesús volvéndose cara aos discípulos, reprendeuno:

-¡Arreda de min, Satanás, que ti non te me deixas guiar por Deus, senón polos homes!

E chamando á xente onda os seus discípulos, díxolles a todos:

-Se alguén quere vir comigo, que renuncie a si mesmo, cargue coa súa cruz, e que me siga. Pois o que queira poñer a salvo a súa vida, perderaa; pero quen perda a súa vida pola miña causa e pola do Evanxeo, ese poñeraa a salvo.